



O **Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo**, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data de de 2017, a seguinte

MOCION

Os veciños e comerciantes da Rúa Gran Vía quéixanse da dificultade para chegar en coche á mesma dende a Praza de Galicia.

Unha solución a esta eiva sería a posibilidade de retomar o dobre sentido da rúa Martín Herrera, que estaba previsto no proxecto inicial, e cambiar o sentido do tráfico da Rúa San Xosé, o que posibilitaría o acceso directo á rúa Gran Vía, respectando o sentido único da Rúa do Sol, que podería completarse coa modificación do sentido do tráfico na rúa Lagoa.

Por iso, o Grupo municipal do Partido Popular de Carballo eleva ao Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Modificar o sentido do tráfico na rúa San Xosé, e asemade recuperr o dobre sentido da rúa Martín Herrera ata o cruce coa devandita rúa, para facilitar o acceso dos vehículos á rúa Gran Vía.

Carballo, a 19 de febreiro de 2019

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.